

# Streptopelia turtur Linnaeus, 1758

	rula común
	tórtola europea
	usapala
	tórtora
	european turtle dove
	Rola-comum



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Columbiformes	Columbidae	<i>Streptopelia</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	85-170 g
<b>Lonxitude</b>	26-28 cm
<b>Envergadura</b>	47-53 cm

## ALIMENTACIÓN

Granívora: aliméntase de sementes de cereal e plantas herbáceas e froitos.

## COMPORTEMENTO

A femia constrúe unha plataforma débil con ramas finas que lle aporta o macho. Na parada nupcial, o macho axita o seu plumaxe facendo reverencias á femia. Abandona aos polos da última posta, pois ao ser migradora non pode atendelos por facer copio de reservas antes de viaxar cara o sur.

## REPRODUCCIÓN

Celo dende maio ata comezos de agosto. Realiza dúas ou tres postas anuais, de 1-2 ovos de cor branca, que ambos incuban durante 13-19 días. Os polos permanecen no niño coidados por ambos pais, e xa voan aos 20 días.

## HÁBITAT

Vive en medios abertos e cálidos, en hábitats de mosaico que alternan pastos e cultivos con sebes arboradas, bosquetes, bosques de ribeira ou devesa, sempre con auga preto.

## DISTRIBUCIÓN

Estendida por toda Europa, Asia central (ata o norte e centro de China) a Península Arábiga e África tropical.

## CURIOSIDADES

É unha especie incompatible coa recién chegada rula turca, sendo desprazada alí onde esta última se instala.

A subespecie que se atopa na península é *Streptopelia turtur* subsp. *turtur*.